

Os terreos que abranguen o Espazo Natural e Arqueolóxico dos Sete Camiños, na confluencia dos montes da península do Morrazo con Pontevedra, están situados a nivel bioxeográfico dentro do reino holártico na rexión eurosiberiana e dentro dela na provincia atlántico-europea, subprovincia cántabro-atlántica, e a súa vez no sector galaico-portugués e subsector miñense. E dentro do ambiente bioclimático corresponden ao piso basal ou colino.

A vexetación potencial ou clímax que, de non sufrir a interferencia humana acada un teórico estado perfecto equilibrio co medio, é a “carballeira” que de xeito termófilo e cunha influencia de clima mediterráneo pertence a nivel fitosociolóxico á asociación Rusco aculeati-Quercetum roboris e subas. Quercetosum suberis. E a súa vez forma parte do hábitat de interese comunitario a nivel europeo de carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*. Predomina a presenza do carballo mais acompañado puntualmente doutras árbores como o castiñeiro, a cerdeira ou a sobreira e a nivel arbustivo polo loureiro e o rusco ou “xilbarbeira”.

A outra vexetación potencial ou clímax é o “bosque de ribeira ou aluvial” nos cursos de auga, que a nivel fitosociolóxico no Morrazo clasifícase dentro da asociación *Senecioni bayonensis-Alnetum glutinosae* que a súa vez forma parte nas zonas máis conservadas do hábitat natural prioritario a nivel europeo de bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *salicion albae*). Predomina a presenza de salgueiro e ameneiro acompañado de xeito máis minoritario do freixo e o bidueiro e a nivel arbustivo da avelaira, sabugueiro, pereira brava, estripeiro e o sanguíño.

Alén destas dúas vexetacións potenciais tamén son de importancia as áreas de breixeiras ou “carrasqueiras”, propias da existencia do monte baixo da matogueira, onde predomina a presenza das uces ou “carrascos”, xesteiras e toxeias dentro dos hábitats de interese comunitario de breixeiras secas europeas, breixeiras oromediterráneas endémicas con xesta, máis o de vexetación rupícola dentro do así mesmo hábitat de interese comunitario de rochedais silíceos con vexetación pioneira do *Sedo-scleranthion* ou do *Sedo albi-Veronicion dillenii*.

E por outra parte están tamén as áreas de “brañas”, zonas húmidas que xeralmente asociadas ao nacemento dos regos fluviais, como no caso dos regos de Pornedo, Agrela e en especial do Cubeiro e das Flaires, forman parte dos hábitats naturais prioritarios de breixeiras húmidas atlánticas de zonas atemperadas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix* ou de estanques temporais mediterráneos. Tamén están relacionados varios topónimos como Chan da Lagoa, Regato dos Buratos-Outeiro da Mina, Outeiro da Barcia.

Dentro destes hábitats, en especial dos asociados ao medio acuático, tamén existen distintas especies de flora entre varias fanerógamas (plantas con flor) e pteridófitas (fentos) que a nivel individual forman parte de endemismos do noroeste ibérico ou da Macaronesia, consideradas como vulnerábeis ou en perigo de extinción e integradas así mesmo a protexer dentro do Catálogo Galego de Especies Ameazadas.

Tamén son de interese a grande cantidade de liques e brións que de xeito epífito conviven coas árbores, rochas e o solo e representan a súa vez un excelente bioindicador da calidade do medio e da atmosfera.

O *Ornithopus x pontevedrensis* Blanco-Dios: Este híbrido presenta caracteres morfolóxicos intermedios entre os parentais (*Ornithopus compressus* L. e *O. perpusillus* L.), aínda que destaca a presenza de flores de cor amarela citrina e estandarte con nervos de cor purpúrea, mentres que *Ornithopus compressus* presenta flores completamente amarelas e *O. perpusillus* ten flores brancas con estandarte con nervos de cor purpúrea. Esta característica flor do híbrido fai que un observador con certo adestramento chegue a observar estas plantas con máis ou menos facilidade.